

A Asociación Veciñal do Saviñao, inscrita co nº 13651 no rexistro provincial de asociacións, con NIF G 27401157, a través da súa Presidenta Celia Ferreiro Riazor con DNI 33.812.714 T, diríxese á Delegación de Vías e Obras Públicas da Área de Xestión Territorial da Deputación de Lugo , para solicitar traballo de rebacheo de mantemento na Estrada 5811 do territorio do Saviñao da rede viaria da Deputación.

Notifícase do lamentable estado que presenta na actualidade a estrada referenciada, presentando un deterioro en moitos puntos dun curto tramo, concentrando gran número de profundas fochancas que fai totalmente imposible a evitación das mesmas. Trátase dunha situación de emerxencia, xa que afecta á comunicación coa zona norte do concello.

A zona que precisa atención é un tramo entre o inicio desta estrada 5811 no lugar de Torno e o lugar de Santa Cruz da parroquia de Vilelos, entre os puntos quilométricos 0.400 e 0.800. Adxúntase documentación fotográfica.

Dende esta asociación somos conscientes de que non se dan as condicións climáticas para executar un asfaltado integral, pero a demanda veciñal solicita unha intervención inmediata de rebacheo para facilitar o tránsito e a comunicación. Nun tempo posterior deberíase executar o afianzamento da base da calzada e a reposición da capa asfáltica xa que todos os anos vemos como se abren fondas fochancas no mesmo tramo.

Na espera dunha pronta actuación por parte dese Departamento de Xestión Territorial que satisfaga as lóxicas reclamacións dos veciños, despédese atentamente de Vde. a Presidenta da asociación. Escairón a 20 de decembro do 2019.